

Xornada

Innovar e emprender en Humanidades, unha realidade feminina

9 Abril de 2012

12 H. Sala de profesores

Facultade de Historia

Santiago de Compostela




Organiza:

USC

UNIEMPRENDE

Woman Emrende



Até tempos ben recentes, a idea do emprendemento ten sido asociada fundamentalmente á transferencia cara ao tecido empresarial de innovacións tecnolóxicas e patentes industriais, asumindo que o espazo natural destas innovacións eran as Ciencias Experimentais ou as Enxeñarías

As Ciencias Humanas, en parte por vontade propia, e en parte polas dificultades de acomodo dun modelo fundamentado na explotación de patentes, teñen estado ausentes nos primeiros anos de desenvolvemento deste terceiro alicerce das Universidade. Con todo, cada vez é máis discutida a necesidade de adaptar o modelo de transferencia a unha área que produce coñecemento que, se ben traballa coas ferramentas do inmaterial, é fundamental para comprender e mellorar o mundo do material: novas metodoloxías, descritores para a análise dos impactos reais dos produtos da cultura, modos de difusión de ideas e ideoloxías, aplicacións e desenvolvementos especificamente pensados para as industrias da cultura e do turismo no seu sentido máis alargado... son algunhas das vías de transferencia abertas desde as Ciencias Humanas.

Ao lado deste desafío, encontramos outro que non é menor: o emprendemento en feminino na área de coñecemento coa máis alta porcentaxe de mulleres estudantes e tituladas. A perspectiva de xénero aplicado á comprensión da transferencia da investigación é fundamental, como a exposición de Woman Emprrende mostra, para entender todos os ángulos dun fenómeno que se vincula coa empregabilidade e a utilidade dos estudos, mais tamén coas expectativas vitais, a capacidade de adaptación ao medio e a un escenario de crise, coa sustentabilidade dos empendementos e coa resiliencia das emprendedoras.

Esta xornada reúne especialistas procedentes de diferentes áreas das Humanidades e das Ciencias Sociais, tanto na súa dimensión máis teórica como na aplicada, así como emprendedoras que reflexionarán e analizarán o percurso desde que unha idea é xerada na investigación básica até que pode ser aplicada na empresa.

Innovar e emprender en Humanidades, unha realidade feminina

9 Abril de 2012 as 12 H.

Facultade de Historia , Santiago de Compostela



PROGRAMA

12 a 12.20 h.

Maria Xosé Rodríguez Galdo, Catedrática de Historia e Institucións Económicas, USC



12.20 a 12.40 h.

Elias Torres Feijó, Prof. Titular de Filoloxía Galega, USC



12.40 a 13.10 h.

DeHistoria_ Mercedes Vázquez Bertomeu

DeHistoria_ M^a del Pilar Rodríguez Suárez



13.10 a 13.30 h.

FAZ Cultura e Desenvolvemento _Raquel Bello Vázquez

13.30 a 13.50 h.

Cilenis_ Marta Muñoz González

13.50 a 14.15 h. Mesa Redonda

www.usc.es
www.uniemprende.es
www.womanemprende.es

www.dehistoria.net
www.cilenis.com
www.fazconsultora.com